

O DOG publica o inicio da parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo

A zona de reestruturación abrangue unha superficie de 1.956 hectáreas, cun total de 8.101 parcelas e a concentración beneficiará directamente a 1.124 persoas propietarias

O Concello de Boqueixón informa de que o Diario Oficial de Galicia (DOG) do 26 de xaneiro publica o decreto da Consellería de Medio Rural polo que se declara de utilidade pública a concentración parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo (Boqueixón), canda outros oito procesos a nivel de Galicia, que suman máis de 8.900 hectáreas e que beneficiarán a máis de 5.600 propietarios.

No caso concreto de Boqueixón, o perímetro da zona de reestruturación abrangue unha superficie de 1.956,70 hectáreas, cun total de 8.101 parcelas. Beneficiará directamente a un total de 1.224 persoas propietarias. Na actualidade existen na zona 120 explotacións en activo, na



A parcelaria beneficiará directamente a 1.224 veciños e veciñas de Boqueixón

súa maioría de vacún, équidos e porcos.

Este decreto de concentración parcelaria declárase mediante a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), que busca aumentar a base

territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de produción. Un proceso solicitado polos titulares das explotacións e apoiado Concello de Boqueixón para reorganizar o terri-

torio e mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias da zona.

A concentración parcelaria de Boqueixón foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia canda oito concentracións máis en Galicia que suporán a reorganización de máis de 8.900 hectáreas e beneficiarán a 5.600 persoas propietarias. O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, puxo en valor esta figura como “instrumento fundamental” para o desenvolvemento do agro galego xa que “permite reducir custos ás explotacións, axuda a fixar poboación e é moi importante na prevención de lumes”. A Xunta leva investidos 118 millóns de euros dende 2009 nas parcelarias.

CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
23 xan	5 feb	Oural-Pousada-Sucira	Casa da Cultura
6 feb	12 feb	Ledesma	Campo da festa (Vila)
13 feb	19 feb	A Granxa	Campo da festa
20 feb	5 mar	Sergude	Campo da festa de San Bieito
6 mar	19 mar	Lestedo	Campo da festa
20 mar	26 mar	Lamas	Campo da festa
27 mar	2 abr	Vigo	Campo da festa

Boqueixón organiza un intercambio xuvenil con Irlanda

O Concello de Boqueixón organiza un intercambio xuvenil con Irlanda baixo o título "Rural Destinatio", que se levará a cabo no noso concello en-

tre o 1 e 8 de abril e trata sobre o emprendemento no rural

A actividade é de balde e está dirixida a mocidade nada no ano 2006 (no caso

de quedar prazas vacantes poderían participar a mocidade nada no 2007).

Máis información e inscricións na Oficina Municipal de Información Xu-

venil de Boqueixón. Podes contactar con nós a través do teléfono 981513115 ou enviando un correo electrónico a: omixboqueixon@gmail.com.

A unidade móbil da ITV Agrícola, en Boqueixón do 10 ao 14 de marzo

O Concello de Boqueixón informa de que a Unidade Móbil número 3 da Inspección Técnica de Vehículos Agrícolas visitará Boqueixón do 10 ao 14 de marzo, estando situada no Campo da Festa de Rodiño. O horario de atención ao público será de 9:00 a 13:30 horas e de 15:15 a 18:00 horas, salvo o martes 14 de marzo, no que só se atenderá en horario de mañá.

Para acudir é preciso solicitar cita previa: por teléfono (902 30 90 00) ou a través da web www.cycitv.com (cita previa).



O bus de "Coidados porta a porta" ofrecerá aos maiores servizos gratis de audioloxía, podoloxía e memoria

A unidade móbil do programa "Coidados porta a porta" volverá visitar Boqueixón por segunda vez para prestar servizos gratuítos de audioloxía, podoloxía e estimulación da memoria a persoas maiores de 55 anos. A cita será os días 9, 10 e 13 de febreiro e o autobús estará emprazado a carón do campo de fútbol do Forte.

Para participar só hai que solicitar cita previa chamando ao teléfono 622 748 283 ou a través do mail: coidadosportaaporta.politicasocial@xunta.gal. "Coidados porta a porta" é unha iniciativa da Consellería de Política Social da Xunta para levar servizos asistenciais ás persoas do rural.

O Concello concede 4.300 € en axudas para o fomento da natalidade

O Concello de Boqueixón concedeu un total de 11 axudas para a promoción da natalidade, adopción ou acollemento e fomento do comercio local durante o ano 2022. Unhas axudas que sumaron un total de 4.300 euros e que teñen como obxectivo sufragar parcialmente os custes derivados do nacemento e/ou acollemento ou adopción de nenos/as empadroados en Boqueixón. Como eses cartos teñen que ser gastados en empresas radicadas no municipio, a iniciativa tamén serve de axuda ao comercio local.

Tes moito tempo libre e non sabes que facer con el? Queres aproveitalo aprendendo e adquirindo experiencias de cara a un futuro laboral? Anímate a participar como voluntario/a xuvenil e reserva a túa praza (prazas limitadas).

Voluntariado xuvenil 2023

Se tes entre 16 e 30 anos, podes participar nas diferentes áreas nas que se desenvolverán as accións voluntarias: dinamización sociocultural, accións ambientais, apoio

escolar, acompañamento de persoas maiores, recuperación patrimonial... Ademais, as persoas voluntarias, contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C. e terán cubertos

os gastos de desprazamento e manutención. Se estás interesado/a e queres recibir máis información ou inscribirte, podes contactar con nós a través do teléfono 981513115 ou no correo: omixboqueixon@gmail.com.

A 40ª Festa da Filloa de Lestedo terá lugar o domingo 26 de febreiro

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín; o deputado autonómico e presidente da Comisión de Control da CRTVG, Ovidio Rodeiro Tato; e o presidente da Asociación Cultural da Filloa, José Manuel Canabal, presentaron no CIFP Compostela o programa da 40ª Festa da Filloa de Lestedo, que terá lugar o domingo 26 de febreiro.

Fernández Munín agradeceu o traballo dos veciños e veciñas e da Asociación Cultural da Filloa para "preparar un amplo programa de actividades e con moitas novidades como esa Festa da Filloíña, para os nenos e nenas que comezan a coller o relevo". Pola súa banda, José Manuel Canabal destacou que "na degustación das filloas volveremos á normalidade", mentres que Ovidio Rodeiro puxo en valor unha vez máis o traballo dos veciños e veciñas de Lestedo "que lograron situar este pobo e esta parroquia como unha das festas gastronómicas máis importantes de Galicia".



O CIFP Compostela acolleu a presentación da Festa da Filloa de Lestedo

Actividades previas

Venres 17. A Festa da Filloa e os Xenerais da Ulla Visitan "Luar", da TVG.

Sábado 18. "Festa da Filloíña" ás 17:30 h no campo da feira de Lestedo coa actuación de Lucerniñas, Lucero e Luarada (AC Mestre Manuel Gacio), As Travesas de Codeso e Os Campiños de Sarandón, que darán paso ao pregón. Ás 18:30 h, Atranques de Xenerais e Xeneraliños, que rematarán cunha degustación gratuíta de filloas, concurso de disfraces e festa infantil.

Sábado 18. Ás 22:00 h, "Entroido da Filloa", cun

concurso de disfraces e verbena coa orquestra Finisterre e o grupo Origen.

Venres 24. Showcooking "Lestedo sen glute", en colaboración coa Asociación de Celíacos de Galicia.

Sábado 25. "Terra e mar", ás 18:00 horas. Receitas de filloas con diferentes recheos de produtos locais e de temporada.

Sábado 25. A partir das 20:30 h, "Filloa Folk" que reunirá no campo da feira de Lestedo a Raeira e Raiola (AC Mestre Manuel Gacio), Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre (21:00 h) e a Requin-ta da Laxeira (22:30 h).

Programación da 40ª Festa da Filloa de Lestedo

Ás 11:00 h. Actuación de grupos musicais e parranda de Entroido.

Ás 12:00 h. Desfile dos Xenerais da Ulla ata o campo da Festa, onde darán paso ao pregón e entrega de distincións por parte das autoridades. Presenta: María Mera. Ao mediodía, degustación gratuíta de filloas e, o resto da xornada, poderanse mercar e degustar todo tipo de elaboracións: filloas doces, á pedra, recheas, salgadas, as da máquina filloeira...

Ás 13:45 h. Gran Alto dos Xenerais da Ulla.

Ás 14:30 h. Actuación de Luz do Illicino.

Ás 15:00 h. Actuación do Grupo Ibiza.

Ás 18:00 h. O grupo Coleguitas e a orquestra París de Noia protagonizarán a verbena.

Os Xenerais da Ulla encherán de tradición Sergude e Lestedo

Os Xenerais da Ulla, festa de Interese Turístico de Galicia, volverá brillar en todo o seu esplendor tras dúas edicións marcadas pola pandemia. O domingo 19 de febreiro, Boqueixón despertará cos tradicionais "vivas" dos Xenerais polas parroquias. Ás 18:00 h, entroidadas e espectáculos

musicais no campo da festa de Sergude previos aos Atranques, que comezarán ás 20:00 h.

O domingo 26 de febreiro, Lestedo acollerá ás 12:00 o desfile dos Xenerais da Ulla. Tras o pregón, a iso das 14:00 horas, Atranques dos Xenerais da Ulla no Campo da Feira.



Atranques dos xenerais celebrados en Sergude e Lestedo o ano pasado



Os Reis encheron de maxia a Casa da Cultura

Melchor, Gaspar e Baltasar encheron de maxia e emoción a Casa da Cultura de Camporrapado durante a tradicional Festa de Reis do Concello de Boqueixón. Máis de trescentas persoas abarrotaron o local para desfrutar primeiro con

“Carapuchiña Vermella”, de Educateatro, e despois coa recepción das Súas Maxestades a toda a rapazada do municipio.

O acto estivo presidido polo alcalde, Manuel Fernández Munín, quen estivo acompañado pola conce-

lleira de Cultura, Marta Copóns Neira, e polo deputado autonómico Ovidio Rodeiro Tato. Eles entregaron os agasallos do sorteo en colaboración con SBC Gasolineras. Tras a entrega, a rapazada achegouse a Melchor, Gaspar e Baltasar para

lembrarlle os agasallos que solicitaran e recoller unhas lambonadas.

Ao día seguinte, o poli-deportivo do Forte acolleu unha nova edición do Boqueixogo, con inchables e moita diversión para todos os nenos e nenas.



Oural celebra o San Amaro cun xantar de confraternidade

Os veciños e veciñas de Oural volveron celebrar por todo o alto o San Amaro, despois dun ano con restriccións por mor da pandemia. Nesta ocasión, o xantar de confraternidade puido celebrarse con total normalidade e reuniu a centos de veciños e veciñas da parroquia nunha tradición de hai máis de vinte anos e que rematou cun peculiar conxuro da queimada.



Boqueixón celebra o día do patrón coa tradicional recepción á veciñanza

Boqueixón celebrou a Festa do San Vicente, patrón do municipio, coa tradicional recepción á veciñanza na Casa do Concello. O acto estivo presidido polo alcalde, Manuel Fernández Munín, e contou coa presenza de integrantes da corporación municipal e do deputado autonómico Ovidio Rodeiro. As persoas asistentes gozaron dos acordes da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, antes e despois da misa solemne.



Máis de 180 persoas participaron na Zumba Class Solidaria no Forte

Unhas 180 persoas déron-se cita no pavillón municipal do Forte para participaren nunha Zumba Class Solidaria, unha iniciativa organizada polas persoas usuarias desta actividade de zumba nas Escolas Deportivas de Boqueixón en colaboración con monitores procedentes doutros centros da contorna. Un éxito que fai que os organizadores xa estean pensando na posibilidade de convocar novas sesións.

O alcalde, Manuel Fer-

nández Munín, agradeceu o traballo da organización desta iniciativa solidaria, así como a colaboración solidaria dos veciños e veciñas do municipio, que achegaron numeroso material de hixiene persoal e do fogar. A masterclass de Zumba tivo lugar durante dúas horas no pavillón municipal do Forte, onde reuniu un público de moi diferentes idades, que desfrutou dunhas coreografías cuns niveis adaptados a cada idade.



O Concello colabora coa ED Vértice na promoción das carreiras por montaña

O Concello de Boqueixón colabora por segundo ano consecutivo co CDM Vértice na organización da Escola Deportiva de Carreiras de Montaña para promover actividades na natureza para a rapazada. A inscrición está aberta en <https://clubvertice.es/escola>. As sesións terán lugar todos os xoves pola tarde no Pavillón de Lestedo, en diferentes horarios en función da idade das persoas participantes: de 11 a 16 anos. As clases serán impartidas por Verónica Calvo Dopazo, actual seleccionadora galega de carreiras de montaña.



O Club Squadra Boqueixón prepara o seu Campus de Carnaval

O alcalde, Manuel Fernandez Munin, clausurou o Campus de Nadal do Club Squadra Boqueixón, que tivo lugar do 26 ao 30 de decembro no ximnasio do Forte. Cinco días nos que 14 nenas desfrutaron dos adestramentos de ximnasia rítmica e actividades complementarias como ballet, zumba, expresión corporal, flexibilidade, acrobacias... Agora convocan un Campus de Carnaval, do 20 ao 22 de febreiro. Máis información: 636 961 351 ou clubsquadraboqueixon@hotmail.com.

O local veciñal de Ledesma acollerá un curso de iniciación a técnicas artesanais

O local veciñal de Ledesma acollerá todos os venres, en horario de 16:30 a 18:30 horas, un curso de iniciación a técnicas artesanais, que será impartido por Eduardo Rial, deseñador de produto e moda.

O alumnado aprenderá técnicas con esparto, con rafia, de cestería (corda cosida, novos materiais...), trezado en palla de centeo (para sombreiros, complementos, fogar...), tapiz, puch-medel, alfrombrado... Máis información e inscricións no 626 879 456 (Eduardo Rial). Colabora: Concello de Boqueixón.

A comunidade educativa aprende técnicas de reanimación cardiopulmonar

O CPI Antonio Orza Couto, en colaboración co Departamento de Deportes de Boqueixón, organizou un obradoiro de primeiros auxilios dirixido a toda a comunidade educativa: pais, nais, coidadoras do comedor, persoal de cociña, profesorado do centro... e mesmo algunha que outra crianza presente.

A temática centrouse en dar a coñecer o protocolo da reanimación cardiopulmonar (RCP) polo que, ademais das técnicas manuais, tamén se fixeron prácticas e se aprendeu a utilizar un desfibrilador (concretamente un DESA de adestramento). A maiores impartíronse nocións básicas sobre a manobra de "Heimlich", para facer fronte a un atragantamento. No taller participaron un total de 15 persoas.



No obradoiro de primeiros auxilios participaron un total de quince persoas


Esta iniciativa xurde do propio CPI Antonio Orza Couto, onde a secretaria da actual directiva, Maria Paz

Gago, solicitou a colaboración do Departamento Municipal de Deportes para levar adiante esta actividade.



Numerosos veciños aproveitan a xornada formativa "A Administración cerca de ti" para sacarse a firma dixital

A xornada "A Administración cerca de ti", promovida polo Ministerio de Política Territorial en colaboración co Concello de Boqueixón, foi todo un éxito. Gran número de veciños e veciñas aproveitaron a ocasión para obteren o certificado dixital e Cl@ve permanente que agora poderán empregar nas súas relacións electrónicas coas distintas Administracións Públicas. De feito, ademais de conseguiren cadansúa sinatura dixital, as persoas asistentes aprenderon os trámites que poden facer comodamente dende as súas casas.



Entroido Activo ofrecerá conciliación para os días 20 e 22 de febreiro

O Concello organiza unha nova edición do Entroido Activo, un programa lúdico-educativo para facilitar a conciliación nos días non lectivos (20 e 22 de febreiro). Terá lugar nas instalacións do CPI Antonio Orza Couto en horario de mañá (de 09.00/10.00 h a 13.30 /14.00 h). Dirixido a alumnado de Educación Infantil e Primaria, a participación é de balde. Bases e folla de inscrición en: www.boqueixon.gal.

Anacos do noso

Intensa actividade política no municipio a mediados do século dezanove

Continuamos o noso percorrido pola historia das Alcaldías de Boqueixón cun período especialmente axitado e convulso: o comprendido entre os anos 1841 e o 1874, trinta e tres anos nos que ata cinco persoas diferentes ostentaron o bastón de mando. Pero, aínda máis curioso, é que todos eles repetiron cargo ata en dúas ocasións, chegando Manuel Marque Garís a ser alcalde por tres veces. De forma que Boqueixón tivo ata nove alcaldes diferentes en pouco máis de trinta anos.

Comezamos este baile de nomes con **Bernardo de la Peña de Castro**, nado en Regueiro no ano 1790, quen ocupou a Alcaldía de Boqueixón en dúas etapas. De 1842 a 1844 compartiu o cargo con José Midón Lago (alcalde 2º), ata que abandonou a corporación con motivo da chegada ao poder do Partido Conservador, dirixido por Narváez.

En 1850 accede de novo á Alcaldía a pesar de non figurar nas listas de electores dese momento, polo que legalmente non podería ocupar cargo público algún. En 1853 aparece por vez primeira no listado de electores, pero ese mesmo ano morre ocupando a máxima autoridade municipal e sendo tamén conselleiro da Deputación Provincial. A súa familia, de orixe fidalga, vendeu as súas propiedades en Ledesma e emigrou a Santiago no século XIX.

Manuel Mareque Garís, natural de Reboreda (A Granxa), chegou a ser alcalde ata en tres ocasións. Sucedeu a Bernardo de la Peña de Castro nas dúas primeiras veces (de 1844 a 1845 e de 1853 a 1854). Ese ano, 1854, volve á Alcaldía Manuel Ballesteros Vaamonde, de quen salamos no número anterior e que permaneceu como alcalde ata que outro golpe de Estado botou aos progresistas do poder.

En 1856 volve Manuel Mareque para unha terceira lexislatura, ocupando a Alcaldía ata o ano 1864. Baixo o seu mandato escribiuse a primeira acta que se conserva do Concello de Boqueixón, na que Mareque Garís daba conta de que non existían novidades por parte do depositario (cargo que equivale ao actual secretario municipal) e acordaba que as sesións plenarias terían lugar os domingos.

O relevo foi collido por **Manuel Couto Maceira**, natural de Ardesende (Codeso), quen foi alcalde entre 1864 e 1868. No seu derradeiro ano de mandato pediu unha subvención á Deputación Provincial por un importe de 2.000 reais para mercar unha Casa do Concello, pero o estalido da revolución de maio de 1868, coñecida como "A Gloriosa", fixo desaparecer esta corporación. Morreu en 1884, aos 73 anos de idade.

Pecha estes anos tolos **José de la Torre González**, natural de Casaldesuso (con casa en Codeso), que foi alcalde en dúas ocasións. A primeira, a finais de 1868 tras a supresión territorial do concello pola Xunta Revolucionaria. Desde entón, reúne á corporación na Granxa, casón do ex-alcalde Manuel Mareque Garís, agora depositario municipal. Iso a pesar de que o 18 de xullo dese ano, a Deputación Provincial aceptara a petición de Manuel Couto e subvencionara a compra da casa que o Concello tiña alugada. José de la Torre permanecería no cargo durante o reinado de Amadeo de Saboya pero coa chegada da Primeira República, a principios de 1874, debe abandonalo.

Recuperará a Alcaldía en 1876 pero por pouco tempo, o suficiente para que Antonio Miguélez Vázquez recupere a secretaría do Concello que perdera en 1874.

Convocado o concurso "Filloarte"

A Asociación Cultural da Filloa de Lestedo, en colaboración co Concello de Boqueixón, convocan a terceira edición do concurso de fotografía dixital "Filloarte". As persoas interesadas en participar teñen ata as 23.59 horas do 17 de febreiro para remitir ata dúas fotografías a festadafilloadelestedo@gmail.com con "Filloarte" ou "Filloa de Lestedo 2023" no asunto do correo. Ademais, achegarán os seus datos de contacto (nome, apelidos

e teléfono) e os títulos das fotos, que recollerán a elaboración, presentación ou empratado das filloas, sen persoas.

Un xurado profesional elixirá 2 premiados e o xurado popular outros dous, entre as fotos con máis "gústame" en Facebook (/filloaoficial) e Instagram (@festadafilloadelestedo). As gañadoras levarán unha noite nunha cabana de María Manuela Enoturismo e as segundas unha cea no Restaurante O Balado.



Aberta a inscrición nun curso de Monitorado de actividades de tempo libre

O Concello de Boqueixón organiza un Curso de Monitorado de Actividades de Tempo Libre homologado pola Xunta de Galicia. Consta dunha fase teórico-práctica de 200 horas e outra práctica de 150. O curso dará comenzo de forma intensiva en Semana Santa e logo en fins de semana.

Para participar só é preciso ter cumpridos os 18 anos. Máis información e inscricións na Oficina Municipal de Información Xuvenil de Boqueixón: 981 513 115 ou mail omixboqueixon@gmail.com.

O Concello organiza unha excursión a Medina del Campo, Ávila e El Escorial

O Concello de Boqueixón organiza unha excursión aberta a todos os veciños e veciñas que desexen participar e que terá lugar os próximos 21, 22 e 23 de marzo. Tres días nos que a expedición visitará unha adegua da D.O. Rueda, fará unha visita guiada Castillo de La Mota e coñecerá localidades como Ávila e Arévalo, así como o mosteiro de El Escorial.

O prezo é de 235 € e inclúe: transporte, pensión completa en habitación dobre nun hotel de 4 estrelas no centro de Ávila, visitas, entradas e seguro de viaxe. As prazas e o número de asento no autobús adxudicaránse por orde de inscrición. Información no Departamento de Cultura: 981 51 31 15.



A excursión inclúe visitas guiadas por Ávila (arriba) ou o mosteiro do Escorial

AXENDA DO MES DE FEBREIRO

Xoves
9

"Coidados porta a porta"

A carón do campo de fútbol do Forte. Días: 9, 10 e 13.
Cita previa: 622 748 283.

Xoves
9

Obradoiro de Regueifas

CPI Antonio Orza Couto.
Alumnado de 1º e 2º da ESO.

Domingo
12

Teatro: Relato para un incendio

Casa Cultura Camporrapado
Ás 17:30 horas.
Teatro con Isabel Risco.

Domingo
19

Entroido en Sergude

Campo da festa de Sergude.
A partir das 18:00 h.
Entroidadas e espectáculos.
Ás 20:00 h, Atrances dos Xenerais da Ulla.

Luns
20

Entroido Activo

CPI Antonio Orza Couto. Días 20 e 22, de 9:00 a 14:00 h.
Conciliación familiar. De balde.

... e en marzo

Venres
3

Teatro: Tardes pola Igualdade

Ximnasio municipal do Forte.
A partir das 15:30 horas.
Actividade que terá lugar nas tardes dos venres do mes de marzo: 3, 10, 17 e 24.
Organiza: CIM de Boqueixón.

Venres
10

ITV Agrícola

Campo da Festa de Rodiño. Do 10 ao 14 de febreiro, de 9:00 a 13:30 horas e de 15:15 a 18:00 horas.
Cita previa: 902 309 000

Sábado
11

Conmemoración da Batalla de Ponte Ledesma

Casa da Cultura de Camporrapado. 19:30 horas.
Presentación do vídeo da Batalla 2022

Domingo
19

Etnomedicina e sabedoría popular

Casa da Cultura de Camporrapado. 10:30 horas.
Charla e paseo para coñecer o uso tradicional das plantas.
Con María Das Herbas.

Máis información e inscricións:

Centralíña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 106
cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com